



ANUNCIO DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA A PROVISIÓN DE CINCO PRAZAS DE AUXILIAR DE ADMINISTRACIÓN XERAL, INTEGRADAS DENTRO DO GRUPO C, SUBGRUPO C2, INCLÚIDAS NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2019, POLO SISTEMA DE PROMOCIÓN INTERNA.

RESULTADO DO SEGUNDO EXERCICIO.- O resultado do segundo exercicio, realizado o 14 de outubro de 2020, segundo as puntuacións outorgadas polo tribunal, aplicando os criterios de cualificación establecidos na base específica 5, alínea b), así como as instrucións determinadas polo Tribunal e lidas ás persoas aspirantes inmediatamente antes da realización do exercicio, é a seguinte:

APELIDOS	NOME	PUNTUACIÓN
VILLA MUJICO	ADRIAN	4
BALIJE GARCIA	DANIEL	3,25
PEREZ PORTELA	MARIA DOLORES	2,5

De conformidade co disposto na base quinta, alínea b) das bases específicas, o exercicio cualificouse de cero (0) a cinco (5) puntos, sendo preciso para superalo obter un mínimo de 2,5 puntos.

As persoas aspirantes admitidas no proceso selectivo e non incluídas na anterior relación ou non se presentaron ou non superaron o exercicio, de conformidade co disposto na base 14ª das bases xerais do proceso.

CUALIFICACIÓN DEFINITIVA.- A puntuación total do proceso selectivo convocado para a provisión de cinco prazas de auxiliar administrativo, polo sistema de promoción interna, queda do seguinte xeito:

APELIDOS E NOME	CONCURSO DE MERITOS	1º EXAME	2º EXAME	PUNTUACIÓN TOTAL
BALIJE GARCIA, DANIEL	9,45	19	3,25	31,70
PÉREZ PORTELA, MARÍA DOLORES	13,88	15	2,5	31,38
VILLA MÚJICO, ADRIÁN	7,3	10	4	21,30

PROPOSTA DE NOMEAMENTO.- En consecuencia, o tribunal eleva á concelleira delegada do Servizo de Persoal e Cultura a puntuación definitiva dos aspirantes, con especificación das puntuacións en cada exercicio do proceso selectivo, propoñendo o nomeamento para ocupar prazas de auxiliar administrativo de Administración Xeral aos seguintes aspirantes: **don Daniel Balije García, dona María Dolores Pérez Portela e don Adrián Villa Mújico.**

As persoas aspirantes propostas deberán achegar, dentro do prazo de 20 días naturais, contados desde a publicación deste anuncio no taboleiro de anuncios do Concello e na sede electrónica do Concello sede.pontevedra.gal, a documentación sinalada nas bases para xustificar que cumpren os requisitos exixidos para o seu nomeamento e para a praza convocada, de conformidade co disposto na base xeral 16, que regula a convocatoria de procesos selectivos para cubrir prazas vacantes no Concello de Pontevedra incluídas na oferta de emprego público do ano 2019.

RÉXIME DE RECURSOS.- Sen prexuízo das alegacións ou solicitudes que as persoas aspirantes consideren oportunas realizar, contra as resolucións do Tribunal e os seus actos de trámite cualificados poderase interpoñer, para esgotar a vía administrativa, o recurso de alzada ante a autoridade que o nomeou, no prazo de un mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, consonte ao establecido no artigo 121 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo das administracións públicas. Non obstante, as persoas interesadas tamén poderán interpoñer calquera outro recurso que estimen procedente consonte a dereito.

PUBLICACIÓN DO RESULTADO.- O Tribunal dispón que pola Secretaria se publique no taboleiro de anuncios do Concello de Pontevedra, sito na rúa Michelena 30 (baixo) e, de forma complementaria, se



publique na páxina web do Concello de Pontevedra, a relación coas cualificacións obtidas polos aspirantes aprobados no segundo exercicio e a proposta de nomeamento, por orde de puntuación, das persoas aspirantes que superaron o proceso selectivo.

Pontevedra, na data da sinatura electrónica.

A secretaria do tribunal

